

Núm. 53

15-5-28

rós

CASTELLÀS



BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.^o—A CRUÑA

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 >
Número solto	0'70 >

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser dos que por non iren rubrados, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

Descordo pra ben muñiar, POR F. BOUZA BREY.
Lembranza de Añón, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Vicetto ou o romanticismo, POR VICENTE RISCO. (Á seguir no número que ven).
Notas entomolóxicas.-Insectos de Galicia, POR LUIS IGLESIAS.
Problemas de Xeografía Galega, POR RAMÓN OTERO PEDRAYO.
Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDAUCIÓN.

Reloxería ZENITH

MÁQUINAS PARLANTES, DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2.^o

Ourense

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Vinos finos de mesa: Tinto TRES RIOS, Blanco BRILLANTE
LOS GALLEGOS blanco e tinto
Macia e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todos los elementos que exigen la terapéutica y la higiene modernas, situado en las afueras de la población, muy cerca del paseo de la Herradura

Teléfono número 195

Para detalles, cualquiera de los Directores o el Médico interno

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA EISCRUSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

X. CALVIÑO DOMÍNGUEZ

ABOGADO - PROCURADOR

CANTÓN PEQUENO, 1-(OFICINAS)

Teléfono, 581.

A Cruña.

FOTOGRABADO

Si quer qu-os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos

Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano X



Ourense 15 Maio 1928



Núm. 53

Descordo pra ben muiñar

Pra Armando Suárez Couto.

Moe, moe, rodicio do Sol,
ai, o corpo da nena leda
fitada de evocazóns.

Moe, moe na acea infinida
das estelares moegas,
ai, os fros da meniña branca,
ai, o van da rapaza leda.

Tatuarás de lembranzas,
ai, o seu pensamento en tréboas.

Moe, moe o crudel corazónhe
ca roda da Lúa albela
que no meu muiño real —moe—
fica o aceeiro á espreita.

Moe presto o adibal das cántigas
que se aforcan as mozas senlleiras!.

Anda a auga —moe, moe— dos degaros
desacougada na presa...

Nanai Noite, vella aboa —moe, moe—
remenda o cribo de estrelas...

Moe, moe, rodicio do Sol,
ai, o gran da meniña leda;
pon o tanxedoiro amante
da serán camanduleira
e a orballada irá caendo
no fol da veiga serea.

Moe, moe, remoe, remoe,
ai, leda!.

F. BOUZA BREY

LEMBRANZA DE AÑÓN

•Ibámos por devesas e silveiras,
moras buscando e niños
de merlos, estorniños,
rulas, vichelocrégos, carniceiras•.

Coma Curros gardaba Añón na invernía do seu destino unha rechoucheante Primavera, agromada entr'as néboas da beira-mar. Por baixo da arquitectura académica da égloga. «Recordos da infancia» latexan horas vibradoiras, horas de neno sumerxido no feitizo resoante pol-as carballeiras, pol-as penedias, da terra labrega e mariñeira. A onda estoupa na loira cunchada praia, e os piñeiros levan ó seu son hastra o soar algai-rento das escascas. Brancas velas en demanda de Muros, o caviloso Louro, e por fora, o centilear infinito da mar. En toda obra d'esquirtor galego dormen longas horas de nenez, cheas de espranza, insoas de refuxio. Inmorredoira reserva vidal apenas sentida pol-os nados n'outros chás. Outimismo da infancia, irmán do eterno outimismo da raza. N'hai literatura que como a nosa teña tal fartura de natureza, nova e cambeante, tantos ollos de neno, fondos, maravillados, ó largo do decorrer dos versos ou das prosas.

Paralelamente ó verso bárdico, «Os tempos son chegados» dixo Añón: —«O tempo s'apresura—Querida patrea, escoita—Ise xemido rouco que racha o aire ván». Chegaba unha realidade pol-o d'entón, redentora. Añón no seu cerne vate da Terra cantou o progreso. Viña pra esparexar a morna pri-guiza anterga. India deitaban por riba do verdecer dos liños, sombras abafantes de estruturas noxentas. Contra elas dábase o peito ós tiros e pol-as novas luzadas sofríase fedamente a fame e a morriña lonxe do lar. Un mesmo cantar, en variados tonos, decorre dend'os Precursores á Cabanillas, e Taibo. Europa ten chamado de moitos xeitos ás nosas portas, e sempre os poetas souperon respondere. Ben saben que as almas

dos pobos morren, isoladas. E que a lingua precisa alimentarse de novos horizontes. Por algo os nosos poetas foron todos liberaes; pra ser dos bós e xenerosos compre unha grande emoción de Humanidade.

O Patriarca. A sua dinidade raiolaba d'amor ós pobos e á liberdade. Quixera en lingua galega cantar o «Himno dos Pobos». Como tantas fidalgas testas do dazanove ergueu a sua, outiva e románteca, contra as némigas nordestas. Gostaba de apalpar no corpo cáns d'emigrado un espírito ceibe. Asina rúbia as costas do Porto falando da patria e do porvir con Antolín Faraldo e Romero Ortiz. Moçedade. Lledicia da serán portuguesa, esmaltada de doces froitos, cruzada de saudades, percorrida pol-a febre inqueda dos estudiantes. O batelar das torres de Compostela nos ouvidos c'as pechas horas das crases do Seminario e a lembranza dos xornais literarios que xurdían contra tanta tradición acugulada. A cospirata. O tráxico ecoar dos afusilamentos. Fondas e longas seráns da emigración feitas de desesperos e de anciñas: de collar unha pistola ou de trazar versos. Ben se decataba Añón como eran escoitados. Os poetas, d'aquela, sabían guial-a xente. E il podía cantar nas duas falas irmáns.

Nin Añón nin Curros disfroitaron d'un pazo aldeán pra soñar vivindo. Foi a mesma a grande door de Lamas, labrego espatriado na capital da provincia. Da noxo cavilar en tanto maorazgo e señorote de vivir porco. Mais ditoso Pondal sentiu decorrer as estaciós dend'as fiestras da sua casa galega e tivo tempo pra collar a fonda poesía da raza.

Outra door. Añón botado de Portugal sentiu-se dobramente espatriado. Todo o seu vivir foi d'un emigrado. Galiza dentro e lonxe. En Andalucía fartouse e foille boa pr'o corpo a grande sesta de sol e torrón labrego. Empregado en Madri. As oficinas abrianse as tres da tarde, traballase con lúas ás ordres

de xefes que figuraban coroneles do norte. Logo a noite bohemia, a meiada redaución e o pensamento sempre voando por riba do Guadarrama e da planura marela hastra o consolo dos primeiros vals galegos. Soilo estivo n'elos curtas tempadas. O fadigado pelengrino da Europa non atopou un consolo no seo da terra-nai.

Adiós frondosos bosques, adiós fríos
[prados,]
onde en ditos días corrín e rebuldei!
sereas, craras rias, outeiros perfumados,
collede meus sospiros de bágoas salpicadas
¡Lonxe de vos eu morro! [Sin vos vivir non
[sei-!]

O Patriarca, de certo, II, fidalgo, forte,
bulreiro, ó cabo do ben e do mal, vai levan-

do da man a Curros ó largo das triadas de «tres fios» do «Sainete». Grande vello de coroza, monteira e caxato «c'os seus grandes ollos d'aguia—d'un criticismo infinito». Incomparabre visión do poeta romántico que armado da lira vai franqueando c'a autoridade da Morte e da Poesía, as portas mais pechadas. Añón o capitán da Estadea inda non rematou a sua pelerinaxe. O son do «Racatacrán» cruza a noite espectral envexando o descanso de Curros. «Non é tempo, galegos, de que acougue n'unha coba galega, o corpo do vello capitán da Estadea? Xa que non tivo eiquí o seu derradeiro leito será impiedoso non atoparlle un copelo de terra ó poeta morto no Hospital Iónxano.

RAMÓN OTERO PEDRAYO

VICETTO OU O ROMANTISMO

I N A C E N C I A

A fins do século XVIII, tempo das derradeiras aventuras de mar, aportou á terra de Galiza, tragido se cadra do vezo que outrora trouguera á tantos seus compatriotas, xa dende o tempo de Gelmires, un arriscado mareante xenovés, capitán d'unha goleta italiana.

Pousou na ria d'Arousa, foi navieiro e armador, casou c'unha viguesa, morreulle a muller, volvou casar c'unha ferrolán, e por fin morreu deixándoa con fillos e sen cartos. (1)

Chamábase Benito Vicetto, e o misterio qu'asombra a sua vida ainda se non esparexeu, antes ben a leenda viulle apôr tráxicos

adubios. Murguia diz, nos *Precursors*, que era contrabandista. E alguén chegou a pensar que foi pirata e que morreu afusilado e qu'a tragedia da sua morte foi a que deixou pra sempre un lixo de tristura na fronte cavilosa do seu fillo.

As veces é millor que non scipamos o que non sabemos da vida dos nosos grandes homes, non porque ó meu ver o ter sido pirata o pai de Vicetto poidera infamar a lembranza do Precursor. O ríves: de primeiras, qu'eu coido qu'o pai de Vicetto foi un home honrado que endexamais fixo mal a ninguén; e asina, a falsa acusación de pirateiría dalle unha aureola romántica que non tiña con seguranza na realidade da vida. O romanticismo prestixiou os bandidos, con Schiller, polo que teñen de forza da natureza e polo que teñen de revolta contra unha sociedade que en bó dereito, enantes de punilos teria que se xustificar ela primeiro; e á mais d'esto, no pirata—lembrai a Byron, lembrai a Espronceda—importa mais o que hai de coraxe que o que hai de violación das leis humanas. Os piratas eran un dos perigos na

(1) Vid. Murguia, *Los Precursors*, e Nicollas Fort Roldán, na biografía e bibliografía de Vicetto que pon ó frente da edición de *Los Hidalgos de Monforte* publicada pola Biblioteca Gallega de Martínez Salazar, Crux, 1903. É esta biografía, a mais cumprida que coñecemos, a que seguimos n'iste traballo.

turás do mar, coma poden ser as tromentas ou os monstros mariños. E resulta menos grande a tristeira e fermosa figura de Vicetto sen ter esa historia tráxica no fondo escuro do seu pasado. Si ó menos aquil pai houbera sido contrabandista, qu'eso ben o podía ser sen deixar de ser home de bén! E non houbera sido millor que nós fixéramos ó pai de Vicetto pirata e condanado á morte, escribindo a vida do novelista do xeito qu'il tiña gusto d'escribir?

Mais sigamol-a historia.

D'onra veu a tristura sombriza e carxenta qu'apadumou a vida d'aquil misántropo idealista? Da predominanza do humor mouro, do fel escuro, no seu temperamento, manifesto na coor bronzina do seu rosto nobre e alteiroso? Da sua apenada vida de meniño, estreita e probe, baixo unha nai aceda e impaciente? Do esmagamento dos seus soños baixo da dura realidade?

Semella certo qu'a infancia de Benito Vicetto pasou sen ledicia, sen amor e sen fartura. Sémella qu'a sua nai non tivo pra il arrolos de dozura e tenrura cariñenta, senón qu'o seu colo estivo pra il e pr'as fillas, fallo de quenturas, e o seu trato alporizado d'espiñas. Os fillos da viuda do xenovés viviron tiranizados pol-a sua nai, e ningunha tirania mais doorosa qu'a que ven d'onde un precuera achego e agarimo. Non é miragre qu'en todos lados vira nemigos, e que fora escitado e susceptible, quen viveu os anos mozos n-un fogar asina entmourecido.

E non é qu'aquela nai fora ruin, coma foi por eixempro a nai de Leopardi, que ll'amargurou a vida inteira. Pol-a contra, a viuda do xenovés era unha d'esas heroicas nais galegas que van sacado adiante os fillos pol-o seu esforzo, c'un caraute rexo e interio, que non herdou o fillo, mais ó mesmo tempo, co mau xenio que dá o non ter.

Vicetto non pudo estudar unha carreira literaria; había ser coma tantos, na nosa Terra, un autodidacto. En 1836, tendo il eatorce anos—nacera no Ferrol, o 21 de Maio de 1822—meteuno a nai no Colexio de Gardas mariñas e Pilotos do Arsenal do Ferrol, pra qu'estudara pra piloto. Iba seguir o camiño do pai. Mais nin pra iso chegaban os cartos; a vida da sua casa faguiase cada dia mais

dura, e Vicetto tivo que deixar os estudos pra ganar pra comer. Pra traballar aguillondo por unha nai rispita e nada gasalleira. Tristeira loita da vida, no tempo da formanza do espírito, no tempo en qu'un descobre o mundo e atópao novo e cheo d'engado e de ledo misticismo. Por sorte, Vicetto era un introvertido, un ensimismado, un malencónico, e os d'iste temperamento teñen xeito mais doado de preserval-a i-alma contr'os infruxos ruis. Ademais, Vicetto tiña unha irmá que lle quería e daba agarimo. Doce amor calmo e refrixerante, de superior efecto terapéutico pr'as chagas do curazón ainda infantil.

En canto tivo o tempo, Benito Vicetto sentou plaza. Era no tempo da guerra de Don Carlos, da primeira, da dós sete anos. Xefes destemidos: o cura do Freixo, Guillade, Ramos, Frei Saturnino, erguían a bandeira do Rei e da relixión; partidas tan pronto armadas coma desfeitas, tiñan á xente en vilo; atrás d'elas ou co-elas, daban os seus golpes os latrafacciosos. Era tamén o tempo da Desamortización; Oseira, Celanova, San Payo, Ribas de Sil, Armenteira, Sobrado, todos aquiles poderes formidables esborrallaban-se e Galiza esperimentaba o mais tremendo troque na sua vida, case sen decatárese, distraída no balbor da guerra e da política.

Tod'esto pasou diante dos ollos mozos de Vicetto, d'aquela soldado.

Pra perseguir os carcundas, orgaizáronse batallós frances, e n'iles foi Vicetto soldado distinguido. Entón foi cando aconteceu o suceso do afusilamento. Veleiquí com'o refire un biógrafo: «Non conservamos mais notiza d'aquil tempo, relativa ó noso ferrolán, que certo tráxico episodio en ocasión de recibir o mando d'un pelotón d'individuos de tropa pra executar unha sentenza de morte contra un xefe d'unha partida de facciosos.

Ó saíren car'o lugar do afusilamento den-d'un *antigo mosteiro* trasformado en quartel, destacouse d'unha celda immediata a irmá do poeta, outa, fermosa e pálida, d'ollos azúes, vestida de branco e c'un ramo de froles na destra; e aquela aparición diante d'un condanado, que tamén era mozo e deixaba muller e un neno recién nado, fixeronlle per-

der a cabeza e axoennllarse diante d'ela berrando:

—Ai, Virxen Santísima, sálvame!

A irmá de Vicetto tiña o aire das aparicións lexendares da Virxe nos casos de milagre que se refiren. Tivo Vicetto qu'erguelo do chao e levalo d'ali ó quadro, deixando desmaiada á sua irmá, pra sempre ferida de morte. «Iste acontecemento, que Vicetto puxo n'un dos seus escritos, sería en realidade, asegún algúns, a historia do afusilamento do seu pai... Non podemos creer tal, mais non quita que fose ó rivés: iste feito referido por Vicetto daria pé pr'a leenda do afusilamento do suposto pirata.

Vicetto emprincipiou a ser poeta ó tempo que era soldado, baixo a presión da poderosa corrente do romanticismo, que barria á un tempo o antigo réxime e os remilgos clásicos. Era home fadado pr'o romanticismo, e com'Almeida Garret, a quien s'asemella en mais d'un conceito, tiña poéticas visións nas longas horas de alerta, soñando agarrado ó fusil nas centinelas, maximando *El caballero verde*, a sua primeira novela, datada en 1841, en Sobrado dos Monxes, cand'iba persegundo unhas forzas pronunciadas, escribindo leendas e poesías, que co-ll viaxaban na mochila, e que serían lidas nos corpos de garda, á luz da vela de sebo posta n'unha gran mesa coxa de castiñeiro enmourecido pol-o tempo, achegada á unha parede co cal saltado na que as sombras dos circunstantes deseñaría estranas pantasmas das qu'as testas deformadas perderían no fayado negrecento.

Era o incendio romántico á alapear nas almas, tempestade que ven da nacementa n'elas d'unha nova intuición das cousas, d'unha nova luz tan crara, tan nídia, tan pura, que ó pronto cega e confunde. As pautas, as mensuras, os módulos estéticos e filosóficos do XVIII, impersonais com'os do sistema métrico decimal, perde súpeto e a un tempo vixencia e senso. Os galegos van descobrir agora que teñen unha língua, que teñen unha historia, que teñen unha Patria, en fin... E Vicetto vai proclamar esta verdade ós catro ventos. Qu'importa logo qu'inventara moitas mintiras? No curazón de todas elas vai sempre a verdade suprema.

Algúns escritores, repetindose de cote os ús ós outros, poñen o comienzo da renacencia galega na publicación do *Album de la Caridad* en 1862 (1) sen decatárense de aquil *Album* foi o resumo d'unha época: unha antoloxía do feito dend'o comienzo do século. Mais en realidade, quen fixo a renacencia, foi a xeración de Vicetto, a xeración romántica, a xeración dos Precursores: García Mosquera (1810-1868), X. M. Pintos (1811-1876), Pastor Díaz (1811-1863), Añón (1812-1878), X. M. Posada (1817-1886), Alberto Camino (1821-1861), e o período mais aitivo da renacencia foi antro os anos 1840 e 1846, cando namentras Vicetto andaba no servizo, moitos dos outros estudaban a carreira, e en Compostela sentían aquiles xornais que xa levaban un nome ben indicante do tempo: *La Aurora de Galicia*, *El Porvenir de Galicia*, *El Idólatra de Galicia*.

En 1844 publicou *El caballero verde*, (2) e emprincipiou a colaborar no famoso *Seminario pintoresco español*, o dos deseños d'Alenza e as caricaturas d'Ortego, e en *El Museo de las familias*. No *Seminario pintoresco* publicou *La loca de Ronpar*, e no *Museo*, *Un crimen y venganza* e *La roca sangrienta*. Poderosa pantesia e agudo romanticismo, que Vicetto aportaba ás letras castelanas, ond'a sua infuencia foi ben fonda.

As suas cousas pracián tamén en Galiza. Dous xornais que surtiron no Ferrol, *El Águila* e *El Ferrolano*, pedironlle que escribira n'eles. Unha das narracións, que cecais por elo lembra *O Arco de Santa-Anna* d'Almeida Garret, localizouna n'unha vella casa da rúa do Castro, e chegou tan ó fondo da i-alma da xente, que a chegaron á creer, e coma refire Fort Roldán, viñan os rapaces esculcar a negrecente fachada, desexosos de penetrar o misterio.

II

VICTOR BASBÉN

Rematou a guerra civil. Benito Vicetto pi-

(1) Entr'iles o P. Blanco García que, non sabemos ben por qué, ten moiño padrincamento en Galiza.

(2) Fost Roldán menciona duas edizóns, as duas en Madrid, a 1.^a de 1844 e a 2.^a de 1863 co título de *El Caballero de Calatrava*. É unha novela cabateiresca do século XIV.

deu a licencia e tornou pr'o Ferrol. Embarcou n'un porto do Cantábrico e asegún Fort Roldán conóceu na travesía a Cristina, un dos seus tipos de muller; mais deixouna na Cruña.

Chegado ó Ferrol, desanimase ó atopar o Arsenal na mais fonda decadenza, Ferrol, ademais, na primeira mitade do século pasado era un pobo tristeiro e abatido, ond'os soños de Victor Basbén ibanxe esvair no vivir langoroso. Mais veleiquí que n'aquil ano de 1845, pol-o mes de Setembre, unha tropa de cómicos ven ó vello teatro da rúa de San Bernardo, antr'a Intendenza e as casas de Queipo, e Vicetto ofércelle *El arqueiro y el Rey*. A peza fixose, e Vicetto tomou parte na representación. O trunfo foi cramoñoso: Don Leandro de Saralegui fixolle unhas décimas, e Don J. Evaristo del Pozo un soneto, e as duas composicións foron imprentadas, e botáronllas no teatro, e os admiradores figuérónlle o presente d'unha coroa de prata. Que mais iba pidir un autor de vintetres anos? A vida arredaba as mouras cortinas pra ll'amostral-o camiño da gloria cuio culiado templo destacaba n'un ceo d'alegría... De cote rompimentos e bambalinas, mais... (1)

Non rematara o ano cando marchou pra Madrid ingresar no Real Corpo d'Alabardeiros. Aló sigueu escribindo nos xornais, no *Seminario pintoresco* principalmente. Estaba na sua forma o romanticismo, e Vicetto, hiper-romántico, debía trunfar. Escribeu d'aquela. *Macías el enamorado*, *La infanzona de Mesía*, *La corona de fnego*, *La Torre de Hércules*, *La ciudad de Tuy*, *El Salto de Santiago*. Ademais, recolleu as *Crónicas de Galicia*.

Cecais é eiqui onde debemos pôr o episodio de Victor Basbén, aquil rapaz de 22 anos, outo, solto e xentil, de cabelos e ollos negros, e de cutis bronceado com'as nubes do Tambre nos bretemosos seráns d'outono... co seu chapeu de palla fina, a sua cravata de seda negra cuias puntas tendía cara os hombreiros co-a *nouchalance* de Lord

Byron e o seu gabán escuro abrochado ata o colo qu'era de terciopelo negro*. Vicetto atopou aquil seu propio pantasma nos montes da Tieira, nas ruínas da torre de Mesía, na de Pambre, na d'Altamira, nos castelos de Monforte, Monterrey, Aldapena, Alem-parte, Celme, Villalba, a Frouseira, pois Víctor Basbén quería ver toda Galiza pra cantal-a sua historia iñorada. Algo do que poidéramos chamar *teoría da historia*, de Vicetto, ven a estar indicada no *Víctor Basbén* (1) singularmente na balada *Hiar-Treva*. *Hiar-Treva* é nada menos que un mito inventado de súpito por Vicetto:

A brétona cubría toda a nosa Terra, onde moraban cinco tribus: os Obres, pescadores, os Ambres, pegoreiros, os Troves, labregos, os Ebres e os Trevos, cazadores. Unha profecía das *ouras* (fadas) prometía unha traxuida por unha nena. Os patriarcas querían cada un qu'a nena nacera na sua tribu. A muller do patriarca dos Obres tivo cinco fillos. Barall, Sill, Ill, Ti e Fi. A do dos Ambres, catro: Cam, Lam, Pam e Tam. A dos Troves, tres: Les, Lan e Mon. A dos Ebres, dous: Bo e Cece. A dos Trevos, chamada Breamo pariu una nena, e as ouras ó vela, berraron: — Hiar! Hiar! que na lingua primitiva sinifica: Luz! Luz! E fuxiu a brétema. Morrerón os patriarcas e as suas mulleres, non sendo Piadela, a muller do patriarca dos Ebres. Os cinco Obres, os catro Ambres, os tres Troves e os dous Ebres, todos querían a Hiar-Treva, mais ela non escolleu mais que a Fiobre, e do seu casamento veñen os Obre Treva, Arrotreas ou Artabros, primeiros poboadores de Galiza.

Semella obra d'un tolo, mais d'un tolo con grandeza, e que sabe apuntar car'o zenit. Non ten o senso fondo dos mitos verdadeiros, mais sigue o procedemento de persoificación dos accidentes xeográficos, dos pobos e das tribus tan adoito empregado nas mitoxias. É o procedemento dos primeiros capítulos da *Historia de Galicia*. Uns cantes anos mais andados, Pondal imitaráio con mais fondo e discipriñado xenio: tamén il

(1) *El arqueiro y el Rey* publicouse en Madrid, en 1848, adicado a D. Saturnino Calderón y Collantes, en placa en folio de 16 páx. É un drama en tres actos e en verso.

(2) Publicou duas edicións: *Víctor Basbén*, Cruña, en cas de Castor Miguez, 1860, e *Amores del Conde de Basbén*, Cruña, 1874. Unha terceira principiou no tomo III da *Revista Gallega*

ha trocar en persoaxes os ríos, os montes, os vales; persoificaciós d'iste xeito son o esforzado Cou-d'Indo, o moreno Ourens, o bardo Gundar, o guerreiro Gundariz, Brandomil o valente, Ousinde a doce rapariga xenitil, Maroñas virxen intrépida, Margaride, Maymendos, a fada Baltar, e tantas outras, verdadeiras esculturas de brétema que nos versos do Bardo tran á nós un mundo mítico e lonxano, sen que ninguén faga espavento coma diante da mitoloxia un pouco infantil de Vicetto.

Tocantes á Victor Basbén, é o mesmo Vicetto. *Victor Basbén* quixo ser unha novela autobiográfica, anque d'unha historicidade semellante á de *Hiar-Treva*. Coma d'Murguía, Victor Basbén non é o que Vicetto foi, senón o que il quixera ter sido. E mais así e todo, a viuda do xeneral R. imitante ó retrato da Duquesa d'Oxford, de Van Dyck, co-aquiles ollos *humanamente divinizados* e aquela traspárezenza de cutis no que se vé circolar o sangue com'un vapor d'ouro enroxeido pol-o lume, e que deixou os seus dous amantes, o Duque de Abra e o colonel Cer, por Victor Basbén, eisistiu e amou a Vicetto. E Murguía dí que as iniciás todas do libro responden á nomes verdadeiros, e que hai ali apelidos ós que se lle poden pôr doadamente as silabas que lle fallan... Mais os escritores galegos d'aquil tempo, e ainda os do presente, son tan demais asisados e discretos, que endexamais se consideran con dereito a «levantar aquellos velos y hablar de tales cosas» co qué, quedámonos sen saber nunca a vida dos nosos literatos, coma non seña aquello de «cursó con aprovechamento las asignaturas del bachillerato en el Instituto de...». E coma Vicetto non cursou nada...

En troques, no *Victor Basbén* enteirámonos das lecturas más prezadas de Vicetto: Shakespeare, Schiller, Walter Scott, Fenimore Cooper, Chateaubriand, Lamartine, «eminencias nacionais» a eito, conforme caian nas maus. A mención de Fenimore Cooper é unha proba de que dí a verdade. A lista logo remata, mais non hai n-ela un clásico.

O auténtico Victor Basbén era inteiramente romántico, mais non morreu de paixón,

com'o da novela—o Werther galego—senón que o amor a Galiza salvouno, e viveu pra escribir e mitifical-a sua historia.

En 1850, cumpríu de todo o servizo militar e retirouse, e fixérano cabaleiro da Orde de Carlos III e furriel do presidio de Sevilla.

Sevilla pasmou a Vicetto é metéuselle no curazón. Tamén Faraldo sentira tan fondo o engado d'Andalucía que sucumbiu a il. Pásall'isto moito ós fillos das terras de brétema: Goethe, Byron, Ibsen, e cecais os deuses olímpicos deben ó sol de Grecia moito do seu inespricable prestixio... Mais no caso de Faraldo, él foi o engado das terras solares, ou non sería mais ben o desengano de ter nado antes de tempo? O probe Faraldo había entón seis anos que vira perderse unha ocasiód d'escomezal-a Grande Obra...

Vicetto prefireu Sevilla ó Ferrol pra patria sua, posto qu'en Sevilla, dicía, emprincipiou a sentir e a querer. A querer, sendo ben mal pagado, pois unha muller sen curazón e sen honra fixolle pasal-as penas do inferno (1) namentras il maxinaba a figura idealizada de Ildara de *Los Hidalgos de Monforte*, e a lembranza d'aquiles doores endexamais s'arredou d'il, e botou fel no seu conceito das mulleres. E veleiqui duas mostras da contradizón romántica do ideal e o real, qu'atromentara a Fichte e a Novalis, e ó Goethe de *Werther*. Vicetto manifestaa no conceito da muller e do amor, na Ildara e na Maret de *Los Hidalgos de Monforte*, e no outro amor, no sentirese sevillano, cando a saudade da sua terra ll'andaba adentro, pulsando as cordas dos nervos. Ai, ríos e fontes! Ai, terras verdecentes! Ai, orballeiras miudas! Ai, camiñños da aldeia! Ai, todo o que fai chorar sen un saber porqué! Recorridos qu'un leva esquecidos e que son os que mais mandan...

O furriel de Sevilla fixo unha escapada ó Ferrol en 1851 e o dia 21 de Maio, en Pontedeume, comprometeuse a escribil-a Historia de Galiza. Voltou ó seu emprego, e escribeu nos xornais de Sevilla: *La Aurora*, *El Telegrafo*, *El Eco de la Juventud*. E falaba de cote de Galiza, da sua xente, da sua historia, o curazón ferido de lembranzas da Pátreia

(1) Referenza de Murguía nos *Precursors*.

que coidaba despreciar... Qu'a Patreia non s'arrinca do peito com'algús pensan, dino todos os eixempros: Ibsen, Joyce, Valle-Inclán... Quén sabe que calada morriña non rillaría en silenzo o curazón de Faraldo! Mais hai vegadas en qu'un non quer dal-o brazo a torcer.

En Sevilla imprentáronse *Los Hidalgos de Monforte*, en 1851 (1). Da sinificación d'esta novela, é pouco tanto se diga. Verdadeiro poema heróico, ten o ritmo violento e mozo d'unha cabalgada guerreira pol-o vale longal, con meles d'amores e terrores de sangue. Como nos poemas clásicos, cada persoaxe ten a sua novela, e as cabaleirescas aventuras de cada un dos doce fidalgos, aseméllanse ás dos *ronins* do xaponés Tamenga Shunshui. Anaco da epopeya galega que non pode ser esquecido. Qu'importa que non seña certo? A verdade poética é, dend'o punto de vista vital, superior á verdade histórica, e a leenda ten tinxida verdade simbólica, unha verdade ideal. A outra verdade é somentes pra-sabela; esta é pra vivila.

Nos *Hildagos de Monforte*, Vicetto re-creou a leenda de Pero Pardo de Cela, e deixou á Galiza un lema: *Déus fratresque Galaccie*.

A sinificación galeguista dos *Hídalgos* souperóna ver os contrarios, coma Sánchez Mوغuel e Leopoldo Pedreira (2). Os nemigos son as vegadas os que descobren as nosas millores qualidades. Vicetto deu figura poética ó galeguismo, e a *simbólica* da renacencia galega arrinca d'il. Pouco importa qu'a críteca histórica queira —sen conseguiilo, polo demais, xa que a persoalidade de Pero Pardo é ainda e ha ser un misterio— tirar ó Mariscal a sua croa de mártir e de héroe; o

(1) Hay otras muitas ediziōes: a segunda, Cruña 1866; 1.^a, Madrid, J. J. Martínez editor, 1857; 4.^a na *Biblioteca del Imperial*. A morte do autor, en 1878. Despois houbo: a da *Biblioteca Gallega de Martínez Salazar*, Cruña, 1903; outra no folletín de *El Noroeste* pol-1918; outra en *álbumes* de Monfort.

(2) Leopoldo Pedreira ocupouse dos escritores n'un artigo da *Revista Contemporânea* de 30 outono 1881 e na súa obra *El Regionalismo en Galicia*. Sánchez Moguel no seu discurso de recepción na Real Academia da Historia de Madrid, o 8 de Novembro de 1888, combateu principalmente a Murguía, o qual así como outros escritores galegos, perderon moi tempo en refutalo, sen que en realidade valera molto a pena. A refutación feita por Murguía pódese ver nos ns. 4 e 5, ano III (1889) da revista *Galicia*, de Martínez Salazar.

istinto vital de Galiza ha seguir de cote o soño de Vicetto, mais verdadeiro sempre qu'a mesma historia, e o qu'o queira desmentir, é por elo impio e perverso, xa qu'estima mais a sua cativa groriola d'erudito, qu'a tradición e o istinto de conservación da sua Patria.

En 1852, e coa impresión da leitura da novela cume de Vicetto, Don Ramón Rúa Figueiroa adicoulle unha poesía tidoada *Nostalgia* — verba que traduz un dos matices da Saudade, nome da doenza que sofreu Petrarca en Avignon — e ó adicarilla, pregáballle de voltar á Terra-Nai. N-efeito, volvreu, e de 1853 a 1856 morou na Cruña. Pedira o traslado, e foi mayor do presidio da capital de Galiza.

Benito Vicetto foi entón moi ben recibido na boa sociedade da Cruxía, onde d'aquela brilaba o prestixio da soada Xuana de Vega, Condesad'Espoz y Mina, co-a aureola que lle daba o ter sido Aia da Raíña e da Infanta Duquesa de Montpensier — que no seu paso pol-a Cruxía encheráa de garimosas atenções—a sua influenza política e amizade con Mendizabal, Gil de la Cuadra, e todolos prohomes do progresismo; e as suas moitas caridás e fundaciós benéficas. A ela adicou Vicetto a novela *Rojín Rojal* (1) unha das obras d'iste tempo e das mais coñecidas. Outras foron: *Diario de un calavera*, *Poesías* (2) e a segunda edición de *Los Hidalgos de Monforte*. Foi esta edición da gran novela a que mais fixo pol-a sua sona. D'ela escribiron Rúa Figueroa, Murguía en *El Correo Universal* de Madrid, Puente y Brañas, Saralegui, Nombela, Bousingault...

Foi d'aquela cando se coñeceron il e mais Murguia. A *Gaceta* reproducira o artigo de Murguia en *El Correo Universal*, e na *Gaceta* lecuno Vicetto; non sabía quen era o autor, mais atopou a firma en *La Iberia*, e tomouno por un politeco. Vicetto dirixía entón *El Clamor de Galicia*, na Cruña, xornal onde s'iniziaaba o rexionalismo, seguindo o camiño

(I) Novela histórico-cabaleiresca do século XI, que se desenrola na bisharra de Pontedeume, com certos anacronismos. Tivo duas edições: Cróna 1855 e Madrid 1857. D. Segismundo García Castro fixou un poema titulado *Rofin-Rofal*, adicado á Viceroy e publicado na Revista Galatea.

(2) Croha, 1650. Vicetto era un dos melhores poetas do seu tempo. Os seus versos están cheos de verdadeiro sentimento, con expresión dourada e xusta.

aberto por *El Porvenir*. Vicetto fatou ali de Murguia coma politeco, e co gallo aquil, cruzaron as primeiras cartas. Era no mes de Maio. O vran chegou, e Murguia tornou á Cruña. Il mesmo pinta a ansia que tiña de coñecer o autor dun libro no que atopara todal-as espranzas e as emocións da súa mocidade...

Vironse. Non sei qn'ideia podía ter Vicetto do sen novo amigo, que cand'atopou aquil mozo noviño, cativo, pequeno, aquil diminuto trasno inquedo qu'il dominiaba co seu gran-

dor e fermosura de corpo, caeulle a i-alma ós pés. Semella que pensou tamén domiñalo co seu xenio, e colleu co il tenor de mestre e de xefe. A boa parte iba! Pasaron xuntos un serrán, e cando s'arredaron, Murguia foi pensando qu'era a primeira vegada que se via, e semellaba a derradeira... (1)

Despois foron amigos, ata que foron rivás.

VICENTE RISCO

(1) E como Murguia o refire nos *Precursores*.

NOTAS ENTOMOLÓXICAS INSECTOS DE GALIZA

CÁLEÓPTEROS

Tencionamos cas presentes notas contribuir na medida das nosas forzas ó conociemento histórico natural da Galiza debendo adverfir que non son os que oxe pubricamos todolos coleópteros que nela existen sinón somente os que nós polo de agora temos alcontrado cuio número haberá de engrosar notablemente asegún poidamos adicar á este estudio mais yagar do que polo de agora dispomos.

Podemos adiantar dende logo que a riqueza entomolóxica galega é inmensa non soio en especies que se alcontran tamén en outras localidades da Península Ibérica i en xeral da Zona Paleártica que ofrece algunas propias i escrusivas da Rexión e gran número de formas locales das que poderán facerse variedás que levan por decilo así espetado a marca dos infruxos que encol dos seres vivos imprimen as condizóns ambiente.

Co gallo de dar certa amenidade a estas notas citaremos as particulares costumes de algunas especies por min observadas e daremos tamén o nome vulgar de outras á beira do nome científico.

Familia CINCINDELIDOS. — *Cincindela campestris*, L. (Vigo, Sant-Iago, Celanova; abondosa). *C. flexuosa*, Fabr. (Laxe; hai abastanza nas dumas).

Familia CARÁBIDOS. — *Elaphus uliginosus*, Fabr. var. *pyriueus*, Motch. (Vigo; pouco abondoso). *Notiosilus palustris*, Dulft. (Celanova; pouco abondoso). *N. quadrivittatus*, Dej. (Vigo; pouco abondoso). *Leistus opteris*, F. (Vigo; pouco abondoso). *Calosoma maderae*, F. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Carabus lateralis*, F. (Sant-Iago, Vigo; abondoso; Celanova; pouco abondoso). *C. melincholicus*, Fabr. var. *costatus*. Goy. (Sant-Iago, Vigo, Celanova; abondoso). *C. eivans*, Oliv. (Sant-Iago, Vigo; abondoso). *C. Heydeni*, F. (Vigo; pouco abondoso). *C. macrocephalus*, Dej. var. *Cantabricus*, Chur. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *C. rugosus*, Dej. var. *celtibericus*, (Sant-Iago, Vigo; pouco abondoso). *C. Deyrolleyi*, Gory (Sant-Iago; pouco abondoso).

Todas estas especies do xénero *carabus* representan no mundo dos insectos as feras dos Mamíferos; listos e desenvoltos no andar, valentes e destemidos no ataque teñen na leita o recurso das suas curtas anque cortantes e podentes mandíbulas, e a defensa do seu líquido cáustico e fedento que

guindado con forza pol-o burato anal; pode protexer unha retirada oportuna decidir de seguida unha situazón indecisa e arredar un nemigo co cual non sexa prudente medir as forzas.

Son istes insectos uns escelentes auxiliares do agricultor: nas suas xeiras nocturnas pol-os eidos precurados destruen grandes cantidades de caracoles, lesmes, larvas e vermes de insectos perjudiciais sin que lles metan medo nin o líquido viscoso dos primeiros nin as fortes mandíbulas e os pelos urticantes que arman a cabeza ou ourizan o corpo dos derradeiros.

O número de víctimas que fán cada noite é moi grande, pois non se conforman con matar aqueles que precisan pra faltar a sua fame senón que unha vez satisfeitos seguen na sua laboura de morte compracéndose en fitar os estremecimentos de agunia dos vencidos, que van caíndo baixo as suas finas mais musculosas patas co ganglio cerebroide esmagado, destruído pol-as suas mandíbulas cortantes e aceiradas coma tixeiras.

Pol-a belideza das suas cores figura en primeiro termo *Carabus lateralis* «o xardineiro» de dous a tres centímetros de lonxitude coa cabeza e o protorax de cor verde metálico, cos élitros riscados lonxitudinalmente de mouro encol de un fondo verde cobrizo con notables irisazóns. Ségueo en coorazón *C. Heydeni* unha migia mais pequeno, tamén metálico cos élitros salferidos mais sin brillo. *C. melancholicus*, metálico tamén anque mais apagado ainda e por derradeiro *C. errans* e *C. macrocephalus* que modestamente visten de loito e que soio se permiten o luxo de alegrar a monotonia da sua veste c-unha estreita franxa mourada que bordea o seu protorax i os élitros.

Cymindis variolosa, Fabr. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *C. alternans*, Ramb. var. compostellana, Reich. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Dromius linearis*, Ol. (Vigo; pouco abondoso). *Chlaenius vestitus*, Fabr. (Sant-Iago, Vigo; pouco abondoso). *C. velutinus*, Duft. (Vigo, Sant-Iago; pouco abondoso). *C. variegatus*, Paik. (Vigo; pouco abondoso). *C. fulgidicollis*, L. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Lycinus Hoffmannseggii*, Panz. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Ancho-*

menus pallipes, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *Amara trivialis*, Gyll. (Vigo; abondoso). *Anisodactylus nemorivagus*, Duft. (Lage; pouco abondoso). *Diacrhomus germanus*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Harpalus discoideus*, Fabr. (Sant-Iago; abondoso). *N. Distinguendus*, Duft. (Sant-Iago; abondoso). *Bradyceillus harpalinus*, Dej. (Vigo; pouco abondoso). *Stenolophus teutonus*, L. (Vigo; abondoso). *Ophonus puleceus*, Müll. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *Pterostichus cantaber*, Cheo. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *P. brevipennis*, Chor. (Sant-Iago; común). *Lyperosomus aterrimus*, Herbst. var. *nigerrimus*, Dej. (Sant-Iago; bastante común). *Poecilus dimidiatus*, Oliv. (Sant-Iago, Vigo; abondoso). *P. cupreus*, L. (Sant-Iago, Vigo; abondoso). *Lae mostenes terricola*, Herbst. var. *Reichemba chi*, Ramb. (Vigo; pouco abondoso). *Lae terricola*, Herbst. var. *baeticus*, Ramb. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Bembidium lampios*, Herbst. (Vigo; pouco abondoso). *Calathus melanocephalus*, L. (Celanova; abondoso). *C. micropterus*, Duft. (Celanova; pouco abondoso). *C. fulvipes*, Gyll. (Laxe; pouco abondoso). *Lteropus madidus*, F. var. *Lacordairei*, Ptr. (Sant-Iago; pouco abondoso). *S. globosus*, var. *gagatinus* (Sant-Iago; abondoso).

Familia DITISCIDOS.—*Dytiscus punctulatus*, Fabr. (Celanova; pouco abondoso). *D. marginalis*, L. (Celanova; abondoso). *Hybius fuliginosus*, Fabr. (Celanova, abondoso). *Hydroporus neglectus*, Sch. (Celanova, abondoso).

Familia GIRINIDOS.—*Gyrinus natator*, L. (Vigo, Celanova, Sant-Iago; abondoso).

Familia HIDROFILIDOS.—*Philhydrius melanocephalus*, Oliv. (Laxe; pouco abondoso). *Hydrobius oblongus*, Herbst. (Celanova; pouco abondoso). *H. limbatus*, Fabr. (Celanova; pouco abondoso).

Familia ESTAFILINIDOS.—*Creophilus maxillopus*, L. (Vigo, Sant-Iago, Celanova; abondoso). *Staphylinus caesaens*, Ced. (Vigo; pouco abondoso). *Ocypus oleus*, Müll. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *O. obscurus*, Fairm. (Sant-Iago; pouco abondoso). *O. fuscatus*, Grav. (Celanova; pouco abondoso). *Evaestetus scaber*, Thoms. (Celanova;

abondoso). *Othis melanocephalus*, Gr. (Celanova; pouco abondoso). *O. punctipennis*, B. L. Celanova; pouco abondoso). *Heterothops dissimilis*, Grav. (Sant-Iago; abondoso).

Familia CLAVIGÉRIDOS. — *Claviger Piochardi*, (Vigo; pouco abondoso).

Familia SCIDMENIDOS. — *Mastigus palpalis*, Latr. (Vigo; pouco abondoso).

Familia SILFIDOS. — *Necrophorus vespillo*, L. (Vigo, Celanova; pouco abondoso). *N. vestigator*, Hersch. (Vigo; abondoso). *N. vestigator*, Hersch. var. *interruptus*, Bruel. (Celanova; abondoso). *N. investigator*, Gelb. (Vigo; pouco abondoso). *Silpha granulata*, Oliv. (Vigo; abondoso). *S. puncticollis*, Luc. (Vigo; pouco abondoso). *S. atrata*, L. (Vigo; abondoso). *S. rugosa*, L. (Celanova; abondoso). *S. rugosa*, L. var. *ruficornis*, Küst. (Celanova; pouco abondoso). *S. reticulata*, Fabr. (Ribadavia; pouco abondoso). *Silpha sinuata*, Fabri. (Vigo, Celanova; abondoso).

Familia HISTERIDOS. — *Hister sinuatus*, Illig. (Vigo; abondoso). *H. major*, L. (Vigo; abondoso).

Familia ESCARABEIDOS. — *Scarabeus laticollis*, L. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Sisyphus Schaeferi*, L. (Vigo; pouco abondoso). *Copris hispanus*, L. Vigo, Sant-Iago; abondoso). *C. lunaris*, L. (Vigo; abondoso). *Onthophagus vacca*, L. (Vigo; pouco abondoso). *O. taurus*, L. (Vigo, Celanova, Sant-Iago; abondoso). *Aphodius fimetarius*, L. (Vigo, Celanova, Sant-Iago; abondoso). *Typhoeus typhoeus*, L. (Vigo, Celanova, Sant-Iago; abondoso). *Geotrupes mutator*, Marsch. (Vigo, Celanova, Sant-Iago; abondoso). *G. corruscans*, (Vigo, Os Ancares—n-esta bisbarra conócen o nome vulgar de *Paparrois da merda*—abondoso). *G. scoriaeensis*, (Vigo; pouco abondoso). *Phyllophagatus silenus*, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *Oryctes grypus*, Illig. (Vigo, Sant-Iago; pouco abondoso). *Melolontha albida*, Friv. (Ribadavia; abondoso). *Anoxia villosa*, Fabri. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *Maladera holosoricea*, Scop. (Celanova; abondoso). *Hymenoptilia strigosa*, Illig. (Celanova; abondoso). *Amphymallus pini*, Oliv. (Sant-Iago; pouco abondoso). *A. Seidlitzii*, (Vigo; pouco abon-

doso). *Hoplia praticola*, Dufs. (Celanova; abondoso). *Cetonia austata*, L. (Vigo; abondoso). *C. morio*, Fabr. (Vigo; abondoso). *C. oblonga*, Gory. (Celanova; pouco abondoso). *Potosia opaca*, F. (Vigo; pouco abondoso). *Oxithyrea stictica*, L. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *Tropinotus hirtella*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Gnorimus nobilis*, L. (Vigo; pouco abondoso). *Trichius abdominalis*, Menetr. (Celanova; pouco abondoso).

Familia LUCANIDOS. — *Lucanus cervus*, L. (Vigo, Celanova, Sant-Iago; abondoso). *Dorcus parallelipipedus*, L. (Vigo, Sant-Iago, Celanova; abondoso). *D. oblongus*, Char. (Vigo, Sant-Iago, Celanova; abondoso).

O *Lucanus cervus* é o coñecido na Galiza cos nomes vulgares de *vacaloira* ou *escornabois*, é o coloso dos nosos insectos pois chega atinguir hastra sete centímetros de longo por dous a dous e meio de ancho. D-unha cor castaña escura e de corpo tosco de abondo non é precisamente un modelo de esbelteza; mais ninguén dubidará da sensazón de força e de gabachería que produz o fitar a sua enorme cabeza provida de fortes mandíbulas que teñen perdido xa a sua función masticadora pra se transformar en podentes armas de combate alongándose e ramificándose hastra semellarse as cornas do cervo de onde lle vén o nome de *ciervo volante* que se lle aprica en castelán.

Os machos, que son os únicos que poseen tales armas, sosteñen porfiadas loitas pra a posesión das femias. ¡Nada mais emocionante que estas loitas! Eu tiven modo de fitalar varias vegadas e alcontréi n-outras moitas os restos de ista pelexa a morte, podendo tirar pol-a forma en que se alcontraban as condizóns en que se tiña desenvolado.

Unha de estas loitas de que fui testigo tiña por certo un belido escenario; era no vello tronco de un arbre coberto de musgo e de ouricelos, de ise arbre que tan bén se axeita á nosa paisaxe que na nosa lingua galega nomeamos coa sonora verba carballo e ó que os celtas baptizaron coa voz *Kuer cuer* (arbre fermoso).

Unha femia alcontrábase na cima de iste tronco; dous machos, envieirados sen dú-

bida pol-o olfato, rubiron deica ela sin sospeitar un do outro e ó chegar a un metro aprousimadamente da femia víronse mutuamente, quedaron a fitarse un instante quedos, cos ollos inmóviles e de vagar, anque bén determinados, acércanse coa cabeza ergueita i as mandíbulas abertas. Ó estar en contacto empínanse encol dos dous pares de patas traseiras e co par anterior abrazanxe n-unha titánica loita corpo á corpo pelexando hastra que un de eles, mais listo ou mais forte, chega apreixar nas suas tenazas a cabeza do outro a coberta quitinosa resiste a presión, mais non é o esmagarilla ó que pretende o seu rival pois ó sumo conseguirá espetar un dos seus dentes na coraza resistente, o que trata é de arrincarlle a cabeza, ou pol-o menos facela xirar pol-a sua articulación co protorax co qual se retorce e destrue a cadea nerviosa que establece a continuidade entre o ganglio cerebroide e o resto da cadea infraintestinal. Uns estremecimentos convulsivos acusan a morte do contrincante desafertunado, o vencedor solta a sua presa e vai asosegado ofrecer os seus agarimos á amada que, ó parecer indiferente, estivo á presenciar tan singular combate.

D-unha vegada alcontrei ó pé de un arbre un macho morto que apreixaba ainda nas suas mandíbulas a cabeza separada do tronco do seu adversario. Doado me foi o comprender á que era debido aquello. No furor da pelexa o vencedor abriu as mandíbulas o maximun e fixera presa na parte mais ancha da cabeza do contrario, e cando conseguiu arrincarlla atopouse na imposibilidade de soltala por non poder abrir mais as suas mandíbulas. Compréndese bén cal había ser a desesperanza do vencedor vencido pol-o mesmo trofeo da sua victoria. Andaria dia e noite co aquil despoxo que lle lembraba de cote o trunfo obtido mais que o imposibilitaba pra recoller o premio, hastra que a morte o sorprendeu canso, esgotado, cheo, quizais de desespero ó ver que outro macho axuntábase á femia por cuia posesión tiña il loitado tan valentemente.

E por cabio n-outra ocasión dous loitadores entrambilicaran de tal xeito as suas

mandíbulas que non podian afastarse; ningún vencia ó outro e os dous estaban vencidos.

Familia BUPESTRIDOS.—*Chrysobothrys affinis*, Fabr. (Celanova; pouco abondoso).

Familia ELATERIDOS.—*Athousmontanus*, Cand. var. *castaneus*. Muls. (Celanova; pouco abondoso). *A. difficilis*, L. Duf. (Celanova; pouco abondoso). *Agriotes obscurus*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Melanotus tenebrosus*, Erich. (Celanova, Sant-Iago, Vigo; abondoso). *Elater sanguineus*, L. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Cryptophynus bimaculatus*, Ross. (Celanova; pouco abondoso).

Familia CLERIDOS.—*Opitus domesticus*, Sturm. (Sant-Iago, Vigo, Celanova; abondoso). *Clerus optopunctatus*, Fabr. (Celanova; abondoso).

Familia CEBRIONIDOS.—*Cebrio carrenoy* (Vigo; pouco abondoso).

Familia LAMPIRIDOS.—*Lampyris noctiluca*, L. vulg. *Luz en cíu* (Vigo, Celanova, Sant-Iago; abondoso).

Familia MALAQUIDOS.—*Malachius bipustulatus*, Erichs. (Celanova; pouco abondoso). *Hemicopus vittatus*, Kiess. (Celanova; pouco abondoso). *H. pyrinaceus*, Fairm. (Celanova; pouco abondoso). *Lobonyx aeneus*, Fabr. (Sant-Iago; pouco abondoso).

Familia TENEBRIONIDOS.—*Blaps hispanica* (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *Tenebris mollitor*, L. (Celanova; abondoso). *T. obscurus*, Fabr. (Vigo; abondoso). *Asida reticulata* (Vigo; abondoso).

Familia MELOIDEOSES.—*Meloë coralifer* (Vigo; pouco abondoso). *M. violaceus*, Marsch. (Sant-Iago; pouco abondoso). *M. proscarabaeus*, L. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Litta vesicatoria*, L. (Sant-Iago; abondoso).

Familia EDEMERIDOS.—*Oedemera nobilis* (Vigo, Celanova; abondoso). *O. simplex*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Stenostoma rostratum*, Fabr. (Muros; abondoso).

Familia CURCULIONIDOS.—*Apoderus coryli*, L. (Celanova; pouco abondoso). *A. intermedius*, Schön. (Celanova; pouco abondoso). *Attelabus curculionoides*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Apiou Wenckeri*, Bris.

(Vigo; pouco abondoso). *A. pomonae*, Fabr. (Celanova; abondoso). *A. tubiferum*, Gyll. (Vigo; pouco abondoso). *A. tamarisci*, Gyll. (Vigo; pouco abondoso). *A. variegatum*, Wenck (Vigo; abondoso). *A. squamigerum*, du Val (Ribadavia; pouco abondoso). *A. difficile*, Herbst. (Sant-Iago; pouco abondoso). *A. nigrirtarse*, Kirby (Sant-Iago; pouco abondoso). *A. simum*, Germ. (Celanova; pouco abondoso). *A. ervi*, Kirby (Celanova; pouco abondoso). *A. aeneum*, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *A. malval*, Fabr. (Ribadavia; abondoso). *A. fagi*, L. (Celanova; pouco abondoso). *A. frumentarium*, L. Vigo; pouco abondoso). *A. cineraceum* (Vigo; abondoso). *A. argentatum*, Gerst. (Sant-Iago; pouco abondoso). *A. arrogans* (Vigo; pouco abondoso). *A. neglectum*, Gyll. (Celanova; pouco abondoso). *A. vorax*, Herbst. (Celanova; pouco abondoso). *Thylacites fritillum*, Pauz. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Cherhinus plagiatus* (Vigo; abondoso). *C. dispar* (Vigo, Celanova; abondoso). *Brachyderes lusitanicus*, Fabr. (Vigo, Sant-Iago, Celanova; abondoso). *Sitones regensteineusis*, Herbst. (Vigo; pouco abondoso). *S. Waterhousei*, Walt. (Vigo, Celanova; pouco abondoso). *S. crinitus*, Herbst. (Celanova; pouco abondoso). *S. tibialis*, Herbst. (Vigo; pouco abondoso). *S. hueatus*, L. (Vigo, Sant-Iago, Celanova; abondoso). *S. cinnamomeum* (Vigo; abondoso). *S. callosus callosus* (Vigo; pouco abondoso). *S. languidus* (Vigo; pouco abondoso). *S. gemellatus*, Gyll. (Vigo; pouco abondoso). *S. flavescens*, Marsch. (Vigo; abondoso). *S. grisens*, Fabr. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *Cleonus morbillulosus*, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *C. graminicus*, Panz. (Vigo; pouco abondoso). *C. cinereus*, Schrk. (Vigo; pouco abondoso). *C. piger* (Vigo; pouco abondoso). *Hylobius abietis*, L. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *Hypera tessellata*, Herbst. (Celanova; pouco abondoso). *Otiorynchus fulvipes*, Gyll. var. *alpinus*, Richt. (Laxe; abondoso). *Lixus spartii*, Oliv. (Vigo; pouco abondoso). *L. anguinus*, L. (Vigo; pouco abondoso). *L. cylindricus*, Fabr. (Celanova; pouco abondoso). *Larinus turbinatus*, Gyll. (Celanova; pouco abondoso). *Pissodes pini*, L. (Vigo; abondoso). *P. notatus*, Fabr. (Sant-Iago; pouco abondoso).

so). *Anthonomus druparum*, L. (Celanova; pouco abondoso). *A. rufus*, Gyll. (Celanova, Sant-Iago; abondoso). *Baloninus elephas*, Gyll. (Vigo, Celanova; pouco abondoso). *Pachytychius sparsutus*, Oliv. (Vigo; abondoso). *Orchestes pilosus*, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *O. ionicerus*, Herbst. (Ribadavia; pouco abondoso). *Cryptorynchus lapathi*, L. (Vigo; pouco abondoso). *Centorynchus radulu*, Gyll. (Celanova; abondoso). *Cionus alanda*, Fabr. (Vigo; abondoso). *C. Schönherr*, Bris. (Vigo; abondoso). *Calandra granaria*, L. (Vigo; abondoso). *C. orizae*, L. (Vigo, Celanova; abondoso). *Sphenophorus piceus*, Pall. (Vigo, Ribadavia; pouco abondoso). *S. meridionalis*, Gyll. (Sant-Iago; abondoso). *S. multilatus*, Laich. (Vigo; pouco abondoso). *S. abbreviatus*, Fabr. (Vigo, Celanova; pouco abondoso). *S. opacus* (Vigo; pouco abondoso). *Dorytomus taeniatus*, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *Baris nitens*, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *B. cuprirostris*, Fabr. (Vigo; abondoso). *Dryophtorus lymexylon*, Schönh. (Celanova; pouco abondoso).

Todos istes insectos pertencentes à família *Curculiónidos* son coñecidos na Galiza pol-o nome de gurgullos anque algúns como *Cneorimus dispar* ten o nome particular de pedrolo que lle dan na bisbarra do Ribeiro moi coñecido pol-o mal que fan nos viñedos. Todos iles son moi perxudiciales á agricultura pois son fitófagos e non hai parte dos vexetales que se vexa ceibe dos seus ataques xa que en estado de larva ou adulto nutrense das follas, dos tallos, das raíces ou dos froitos das plantas. Teñen todos unha fisonomía particular que os fai facilmente recoñecibels pol-a prolongazón do rostro en trompa mais ou menos longa en cuio extremo insertanse os órganos bucales e pol-as suas antenas acodadas. O número de especies que comprende a familia é inmenso pois soio na nosa Península hai citados uns 1.300.

Familia CERAMBÍCIDOS. — *Spondyles buprestoides*, L. (Sant-Iago, Vigo, Celanova; abondoso). *Prionus coriarius*, L. (Vigo, Celanova; pouco abondoso). *Cerambyx scopolii*, Laich. (Vigo, Celanova, Ribadavia; abondoso). *C. miles*, Bon. (Vigo; abondoso). *C. velutinus*, Brullé (Vigo, Celanova; abon-

doso). *C. cerdo*, L. (Vigo, Celanova; abondoso). *Aromia moschata*, L. var. *ambrosia*, Stev. (Vigo; pouco abondoso). *Hylotrupes bajulus*, L. (Vigo, Sant-Iago; abondoso). *Criocephalus rusticus*, L. (Vigo; abondoso). *Plagionotus arcuatus*, L. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Xilotrechus arvicola*, Oliv. (Vigo; abondoso). *X. antilope*, Zett. (Celanova; abondoso). *Clyanthus pilosus*, Forst. (Vigo; abondoso). *C. trifasciatus*, Fabr. (Vigo, Celanova; abondoso). *C. trifasciatus*, Fabr. var. *ferrugineus*, Müls. (Celanova; pouco abondoso). *C. grablomaculatus* (Vigo; abondoso). *Gracilia minuta*, F. (Celanova; pouco abondoso). *Septidea brevipennis*, Müls. (Celanova; pouco abondoso). *Callimus angulatus*, Schrk. (Ribadavia; pouco abondoso). *Stenopterus rufus*, L. (Celanova; abondoso). *Haplocuemia nebulosa*, Fabr. (Vigo; pouco abondoso). *Olerea oculata*, L. (Vigo; pouco abondoso). *Phytoecia coeruleocephala*, Scop. (Celanova; abondoso). *Rhagium bifasciatum* (Celanova; pouco abondoso). *Leptura (Strangalia) attenuata*, L. (Vigo; pouco abondoso). *L. (S.) bifasciata*, Müls. (Celanova; abondoso). *L. (S.) melanura*, L. (Celanova; abondoso). *L. (S.) maculata*, Poda (Celanova; abondoso). *L. strigulata*, Germ. (Sant-Iago, Vigo; pouco abondoso). *L. Fontenayi*, Müls. (Vigo; pouco abondoso). *L. Fontenayi*, Müls. var. *erithorodera*, Chob. (Vigo, Celanova; pouco abondoso). *L. fulva*, de Geer (Celanova; abondoso). *L. (Vadonia) liva*, Fabr. (Celanova; pouco abondoso). *Phymatodes testaceum*, L. (Celanova, Vilanova; pouco abondoso). *Poecilium alut*, L. (Celanova; pouco abondoso).

Familia CRISOMÉLIDOS.—*Ulema cyanea*, L. (Sant-Iago, Celanova; pouco abondoso). *Crioceris asparagi*, L. var. *campestris*, L. (Vigo, Celanova; abondoso). *Clytra lusitanica*, Germ. (Celanova; abondoso). *C. laeviuscula*, Ratz. (Celanova; pouco abondoso). *C. pulex*, Duf. (Celanova; pouco abondoso). *Cryptocephalus sericeus*, L. (Celanova; pouco abondoso). *C. vittatus*, Fabr. (Celanova; pouco abondoso). *C. sexpustulatus*, Rossi. (Vigo; pouco abondoso). *Timarcha coryliaria*, Fabr. (Sant-Iago; abondoso). *T. sanguinolenta* (Celanova; pouco abondoso). *Chrysomella americana*, L. (Cesures; abon-

doso). *C. sanguinolenta*, L. (Vigo; pouco abondoso). *C. banksi*, Fabr. (Vigo; abondoso). *C. haemoptera*, L. (Vigo; pouco abondoso). *C. subaenea*, Sufrr. (Celanova, Sant-Iago; pouco abondoso). *C. chloromaura*, Oliv. (Sant-Iago; pouco abondoso). *Melasma populi*, L. (Sant-Iago, Vigo; abondoso). *M. cuprea*, Fabr. var. *bulgharensis*, Fabr. (Celanova; pouco abondoso). *Adimonia tanaceti*, L. (Sant-Iago, Celanova; abondoso). *Lithonoma marginella*, Ibig. (Celanova; pouco abondoso). *Agelastica alni*, L. (Sant-Iago, Vigo, Celanova; abondoso). *Malacosoma lusitanica*, L. (Sant-Iago; pouco abondoso).

Familia COCCINELIDOS.—*Idalia bipunctata*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Coccinella septempunctata*, L. (Vigo, Sant-Iago, Celanova; abondoso). *Thea viginiana*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Exochomus quadripustulatus*, L. (Celanova; pouco abondoso). *Novius cardinalis* (Pontevedra; abondoso).

Todos os coccinelidos, mais preferentemente os do xénero coccinella son coñecidos na nosa rexión co nome de xuaniñas ou maruxiñas sendo frecuente ver os nenos xogar con elas facendoas pasear pol-a palma da man en espreita de que abran as ás ó cual parece que as invitan coa coñecida cántiga:

Maruxiña voa, voa
que ch'ei dar
pan e cebola.

Son moi útiles á agricultura pol-o gran número de insectos parásitos das plantas, que destruen, especialmente pulgós, tendo sido utilizadas algunas de elas como o *Novius cardinalis* pra combatir as plagas da *Iceria purchasi* (cochinilla acanalada) que ameazaban aniquilar as plantaciós de laranxeiros de California.

LUÍS IGLESIAS

Suscribase a

“A NOSA TERRA”

Idearium das Irmandades da Fala

PROBREMAS DE XEOGRAFÍA GALEGA

NOTAS EN COL DAS FORMAS DE POBOAZÓN LABREGA

(*Proseguimento*)

A C A S A

Pra rematar este pequeno estudo da parroquia de Trasalba esclomada como terreo d'esprencia, compre deterse un anaquiño na consideración da casa labrega e mais do pazo, a casa fidalga. N'hai millor método que o de teimar respostas precisas ás preguntas do cuestionario que temos publicado no primeiro capitulo d'este traballo (páxina 13 do número 45 de NÓS). Mais dinantes impónse a lembranza das condicións de desenrollo do vivir da parroquia. Temos ollado o maino e constante cambeo das enxebradas formas antergas en camiño car'un futuro que nas liñas xenerás figura ser en grande parte semellante ó vivir vilego. Mais como o home non pode fuxir sinón en certo grado ás detremifiantes do medeo étnico e xeográfico o estudo faise particolarmemente dificuldoso pois millor que fases rematadas son sucesións de matices os cambios que se desenvolven diante nós. Por iso as formas da casa xurden raramente ceibas e cuáseque sempre misturadas con elementos alxeiros, algúns craramente estranos, outros más ou menos adautados ó ser xeográfico (no senso mais espallado) da terra. Hai que considerar acarón das formas enxebradas as que remanecen da influencia ciudadana mantéñida sobretodo pol-o diñeiro e o gosto das Américas. Adicaremos as liñas derradeiras á fermeira arquitectura dalgúns pazos. Pois os elementos románicos da eirexa, pertenecen á xurisdicción da Sección do Seminario d'Estudos Galegos que ten á seu cargo a laboura da catalogación dos moimentos.

A casa labrega. A casa-habitación

1 MATERIÁS DE COSTRUCIÓN.—Manda a pedra (do Rodeiro, das encostas, dos

chaos) que por todas as partes aflora na parroquia en petoutos e laxes de fina grá e doado traballo. Atópanse a cada paso siñas d'antigas canteiras esquencidas. Abonda considerar a grande cantidade de casas e de muros que dende antigo se teñen ergueito na parroquia. Nas verdadeiras casas de tipo antigo a pedra rachada somentes se pica nos cantos de xuntanza amostrando a esgravia facies con que foi arrincada da terra. N'algúns novas, especialmente nas facianas e balcós picase a superficie ó xeito das vilas. Nas pequenas e probes que foron nun tempo a maoria as parés son de pedras pequenas (forras) apenas diferentes das que se empregan nas muradellas. Somentes os esquinás, portas (lumieira) e algunha solaina locen pedras escollidas. Endexamais pizarra, nin tampouco o pallabarro propio das construccions antigas de Ourense e outras vilas galegas (Celanova, Ribadavia, Monforte). N'algúns usabase a madeira pechando sobrados sempre por riba dunha pranta baixa de pedra. Moitas das casas antigas téñense remocidado con pisos enteiros de feitura ciadán, sobrados ou coartos de ladrillo, encalados ou non. As vegadas istos engadios son de tabique de ripia con barro e cal ó xeito dos tabiques interiores urbanos.

2 PRANTA.—Sempre reutangular nas antigas e nas más das novas aparte dun tipo moi curioso e vello de casa arredondeada. Somentes se conservan algúns exemplares adicados á palleira, cortes e ouxetas semellantes. Ista feitura atópase n'outras localidades ourensás (Arrabaido, Mende) e na propia cidade (rua de S. Miguel) e parés imposta pol-a lareira dominante no vivir da familia e pol-o xeito de vivir comunalmente. Com'as que se conservan non están enteiros non se pode dicir se adoitaban ou non a figura circular perfeita. Moitas deberonse edifi-

car asina pol-a cativeza do solar (laxes arredondadas, pé de outeiros etc) e tamén por aproveitare turreos ó pé dos camiños e das prazas. Nalgúns boas casas que xa tiran á feitura do pazo o reutangulo compícase con unha ou duas azas pechando o curro.

3 ALZADO (fastiales, laderás e traseiras).—No tipo vello mais sinxelo correspondece o fastial rematado en triangulo c'a traseira da mesma feitura respondendo as duas vertentes do tellado. Nas outras e nas novas en que a pranta acúñase menos reutangular as parés responden as catro augas do treiteado. Nos dous tipos abonda a entrada por un dos lados maiores sendo iste caso xeneral nas vivendas novas.

4 COBERTA.—O caso mais sinxelo forma unha armación de pontós e vigas con trabe maestra que vai da dianteira á traseira con doela mais ou menos basta pra sostener a coberta de tellas; n'outro tempo foi xe-



CASA LABREGA DE TIPO ANTIGO

neral a de colmo hoxe do todo abandoada. Os derradeiros exemplares desapareceron arredor do 1898 ó mesmo tempo das poucas monteiras que d'aquela inda usaban algúns vellos. O treito de colmo loubado pol-a quentura que gardaba suxetabase con pequenas laxes postas sobre das parés e do cume do treito, por cordas tecidas c'a mesma palla centeo e tamén con pedras soltas. O sistema xeneral é de vigas escuadradas sufincadas nas paredes con cabeceiras aparentes por fora, desván de táboas ó que se rube por escaleira de man ou fixa, tella postariba da doela e as vegadas sufincos sustentando os pontós nas vigas. Nas modernas medra o emprego do *cielo-raso*. A tella ven en grandes carretos de Santiago (Fontefria) e d'outros lugares dos chaoz vendéndose por moyos.

Iste comercio da terra de Amoeiro esténdese hasta a rexión montañosa da Martiñá e das parroquias do concello de Carballedo (Lugo).

5 ORGANISMO VERTICAL.—As pequenas casas vellas soilo teñen pranta baixa con chán terreo, ás vegadas en todo ou en parte cobertas de táboas, facéndose n'ela toda a vida da familia. As mais teñen un sobrado ou piso outo pr'o que se rube interiormente por unha trapa ou por escaleira e mais xeneralmente pol-a solaina. En moitas iste coarto non ocupa todo o largo da casa. En compretala por habitaciós de pedra, ladrillo ou tabique consisten as mais das milloras. Non se coñece ningunha casa labrega con mais d'un piso. Todas antigas figuran estar rente ó chán; somentes nos logares amontoados agatúfan unhas porriba das outras procurando un pouco de lúis. As mais sinxelas resibén lúis pol-a porta, algunha bufarda que moitas vegadas se tapa c'unha pedra e pol-a fiestra aberta baixo a parede ladeiral. Nas millores ocupan as cortes e a cociña a pranta baixa, rubindose ó sobrado por escaleira de pedra e balcón ou solaina, cuberto aquil e ista ó descuberto, con porta e fiestras nos catro frentes si o edificio está isolado. Os balcóns son xeneralmente de pau con porta moitas vegadas á escaleira; as solainas de pedra con balustradas de madeira, pés de pedras ou pedras deitadas. Tamén s'atopa nas vellas a escaleira de pedra sin baranda rematando na pequena solaina cadrada (patín) e desamparada que dá entrada ó coarto. É xeneral franquear as portas e solainas ó poente e meiodía, e as bufardas ó norte, disposición soilo variada pol-a vecinanza dos camiños e pol-as servidumes, cando non dán ós propios curros. Nas casas modernas gárdase en xeneral a disposición anterga, n'algúns con balcón (de ferro ou madeira) ó camiño mais sempre con entrada pol-a solaina. Figura medrar un tipo novo de pranta baixa con grande porta flanqueada por duas fiestras con vidreira. A porta de duas follas hourizontás cambease na corrente de follas partidas verticalmente; o primeiro sistema foi d'abondo xeneral nas vilas combinada c'a porta d'arco da que se non gardan exemplares n'ista parroquia.

6. DINÁMICA DO VIVIR DOMÉSTICO.


Nas casñas tarreas d'un soilo espazo adicase á cociña o sitio mais escuro e baixo si o terreo é esporente coma acontece moitas ocasiós. Soilo en poucas modernas adicase á cociña unha porción do piso outo con chimenea de albañileiría moi adornada con combinacíos do ladrillo e a cal. O xeneral é cociña na pranta baixa, terrea, ou n'un edificio afastado ás vegadas n'outro extremo do curro, e hastra isolada e separada da casa por un camiño. O fume sai pol-as tellas do baixo treito de duas augas; na cociña faise grande parte da vida; n'ela están a artesa da fariña, a arca c'o unto e porco curado, os mollos, o mostón das patacas, hastra a leña e a pipa do viño. Moitas d'istas e outras coisas, incruso colleitas enteiras gárdanse no piso ou coarto ou sobrado dormidoiro de todos nas millores e en todal-as novas divididos por tabiques ou separaciós de táboas hastra certa outura. Non é doado apuntare todal-as combinacíos que nascen da división das casas entre os herdeiros, a xuntanza con outras, as remendalladas e adoitaciós complicadas. Hai courtos de casas que se xuntaron n'unha mesma familia comunicados por unha especie de tunel de táboas que corre por riba d'un anaco do curro; habitaciós feitas aproveitando un vagantío de balcón ou solaina, cocñas e habitaciós baixas apenas separadas por muros baixos e táboas da corte que ocupa unha porción da casa etcétera. Mais ésta combinación de corte e habitación tende a desaparecer por completo. O desván como o seu parexo mais elemental a barra das coadras úsase tamén pra gardar diferentes colleitas.

B. As construções adxetivas á casa labrega.

1. O CURRO.—Reviste moitas formas sendo o dianteiro pechado por muros o mais xeneral, defendido por parras e arrodeado por outras construções (forno, bodega-lagar, cortes, cortellos, pendellos, etc). O curro traiseiro e menos xeneral e cuáseque sempre privado de comunicación direita a casa. En moitas casas terreas figura un reutangulo apegado ó da casa; en algunas arrodeia a habitación e non poucas vegadas confún-

dese c'a horta. Nos logares bastos de casas é corrente o curro interior común e varias vivendas, cinguido polos balcones, con grande portal de carro e portas da mesma cabida pr'a servizo das cortes de debaixo das casas. Non son raros os curros independentes en combinación c'as outras construções. O curro ten tanta importancia coma a casa nas ricas que precisan de carro e de vagantío pra darlle a volta sin sair ó camiño.

2. A IAUGA.—A mais da fonte, con tanque ou non do lugar, moitas casas teñen auga de seu no curro, na horta ou n'un terreo




CUMIOS D'UN TELLADO

non alonxado. Algúns logares non teñen si non a fonte comunal. Ter auga propia é unha das arelas das familias. Xa temos dito a dificuldade das augas n'ista parroquia. Son contadas as casas con tanque; moitas gastan a anga pr'a angueiras e lavan a roupa nos puzos das nabeiras en casas ben afastadas. Dalgúns anos a ista parte síntese ó intrés por dotar os logares de boas fontes d'aproveitamento vecinal.

3. AS CORTES.—Representan en menor escada a feitura das casas antergas. Sempre estradas (de estrume, palla, fentos, asegún as necesidáis), baixas, de piso fondo e almeadas por bufardas. As millores cóbrense de barras pra herba, palla e leña. Disponense baixo da casa, arredor do curro ou fora d'il. As fiestras e bufardas franqueanse pol-o regolar ó aire norte pra refrescar o gando nas noites de vrán. Gárdase n'elas o carro cando non hai bó pendello; algunas son as vellas porciós tarreas da casa. Pr'os porcos reservanxe os cortellos mais escuros, baixos e abrigados; a millor acostuma a ser pr'a

mula ou faco) caso pouco frecuente, e praxugadas de bois. A abenza acougase misturada c'os burros e c'as vacas; as veces en cortellos feitos de palitrocadas nas mesmas coadras grandes. Moitas casas antigas teñen galíñeiro ben feito, pequeninos, aproveitando as parés ou debaixo da escaleira, coa sua porta e burato que se pecha con pedra pra dar saída ás galíñas, que en xeneral arregranse na leña do pendello, riba do carro, nas vigas da corte ou nun recuncho da cociña ou do coarto baixo. Hai coadras que gardan a dita feitura circular que debeu ser corrente n'outro tempo.

4. CELEIROS DOS PRODOITOS DO AGRO.—Os pendellos asombran os curros, independentes riba de postes de pedra seme-



TELLADO D'UN PENDELLO

llando a feitura da casa ou apegados ás parés, agarimando as portas do curro, da casa e das coadras. Algúns teñen a sua barra ou unha construcción de madeira enreixada (comedeira) pra gardar a herba fresca que outras vegadas se pón nunha sorte de pia feita c'un anaco de caracocho. Tamén é corrente o pendello continuando o tellado da casa ou da corte. A palleira (prá herba curada e palla) acontece ser unha casinha semellante á unha corte mais de chán enxoito e millor ventilación. E mais xeneral dispón a palla en medas na eira ou no curro coma dinantes se facía tamén c'a herba. Hai en todolos logares eiras pra disfrute de todolos veciños que teñen obrigación de coidalas e limpalas. Moitas casas disponen da sua eira, ou

fai iste oficio unha laxe ou penedo chao e preto da vivenda. Non se malla sinón riba de pedra; o millo ás vegadas, nas solainas. Os cabaceiros de un, dous, tres e hasta catro tramos, cobertos de tella, algúns de colmo, de pedra con ripias de madeiras, sobre postes de pedra ou menos frecuentemente de pau, inzouse nos campos dos logares ou preto da casa, no curro, na horta ou acabalo d'un muro. Son do tipo xeneral, sinxelo, c'a sua provisión de táboas pra facer a separación dos tramos. As bodegas adoitan variedade de disposicións. Hainas isoladas e afastadas da casa, na viña ou preto d'ela, formando coma no lugar do Quintairo, un pobo sin veciños. Son istas casñas terreas, compretas no seu tipo pois hasta teñen algunas cociña, cofareira, pendellos acaroados, e lugar no mesmo ou nun local dividido con pilo, tanque, e o complicado aparato de madeira (fuso, porca) e pedra, pra pisar o viño. Hoxe somentes se emprega pr'o viño branco. Outras bodegas ocupaban un pouco da pranta da casa habitación ou dispónense en pequenos edificios (bodeguínas, bodegotes) arredor do curro, con fiestras, ou bufardas ó norte e ás acostumadas portas coarteladas nas más grandes. Xa temos dito como a leña se garda nos curros baixo os pendellos, nas barras das coadras, tamén en pequenas casñas semellantes ás coadras. Os mollos nas mesmas bodegas ou en medas ben feitas no curro baixo o pendello. Xa non quedan na parroquia sequeiros pr'a castañas. Moitos prodoitos da terra gárdanse na casa (na arca o millo e o centeo, as fabas, garabanzos e demás), o mais do millo c'os cabazos nos cabaceiros, nos balcóns e nas eiras postense á enxoitar coma tamén as cebolas. As patatas de gastío diario ocupan un currunchio da cociña ou da bodega.

5. LOCALES DO TRABALLO INDUSTRIAL.—Son os mesmos indicados. Os xastres teñense procurado algún coartíño con vidreiras e a comodidade precisa pra o seu oficio. Algún zapateiro despacha c'os parroquianos por unha ventaiña baixa. Non hai letreiros. Os carpinteiros traballan ó amparo dos alpendres propios ou alleos. Baixo eles rachan os labregos as madeiras pr'a viñas, perparan a leña pr'o inverno, fan as molla-

das de bimbios etc. Traballos caseiros en-
chen no alpendre, na coxiña, no coarto as
tempadas chovinentas. No curro estilase a
augardente e sácase o esterco prás terras.
Somentes o muíño e a fragua teñen locales
especiales. A tenda do tipo das correntes de

dellos, algúns vellos tarabelos traballados, e
poco más. Nos coores predomínan os
azúes fortes, os roxos, e cada vegada os
ocres escuros e noxentos.

D.—O PAZO.—O mais fermoso o chama-
do Pazo do Campo do lugar de Cimadevila.



OS CABACEIROS DA BERGUEIRA

carretera c' o seu mostrador que se pecha con
táboas ocupa o baixo d'unha casa de costru-
ción moderna mais de xeito antigo.

C.—ELEMENTOS ARTISTICOS.—Un
sinxelo barroquismo, n'ista parroquia pouco
desenvolto, caracteriza as ornamentacions.

Duas azas saíndo do reutangulo principal
pechan c' a capela que dà o camiño o páteo
pechado con forte e sobre muralla coroada
por almeas en figura de mitra, na que se
franquea o portal c' a grande pedra d'armas,
ceibe, por riba. Pol-o corpo central corre a




Xa temos falado dos dibuxos que fan os
albañiles e a cint'í, do fermoso decorado d'al-
gún balcón de madeira; compre engadir a
crús e a pirámide que rematan os cabacei-
ros, as bandas ondeadas d'algúnhas lumie-
ras, o sinxelo capitel das columnas dos pen-

solaina da que baixa a escaleira en dous tra-
mos apegada á unha das azas coberta pol-a
prolongación do treito da solaina; sosteñida
por lanzales columnas poliedridas ó remate do
primeiro tramo. Balaustre barroco de pedra;
fiestras e portas arrodeadas d'unha banda de

pedra fina labourada nos angulos. Capela de faciana linda, porta encoadrada en pilastras, bandas de roseiras, frontón triangular rematado pol-a pequena espadana e acougando a fiestra da tribua e a pedra d'armas. Nave treiteada de madeiras, n'outrora taraceadas, coro coberto por fermosa linterna de limpa canteiría. A faciana da casa olla pr'o Norte. Tres grandes salas, a maior a da esquina

boura. As coadras e a tulla ocupan os baixos, empedreados, con grandes portas baixo as seis arcadas semicirculares que sosteñen a solaina do Norte. O desfeito do pazo apenas deixa sospeitar un pouco da sua antiga fermosura gabada pol'a tradición. Os outros pazos son tamen reutangulares, sin azas, con solainas ó sul e os elementos labregos ó Norte (páteo, c'os pendellos e demais cos-



S. W. compretanse con outras habitaciós e teñen fiestras con montante e poyo nos espesos muros comunicándose entre elles por portas baixas con follas de fermosa laboura coartelada en resaltes. A grande sala domina os ourizantes do Poente pol-o balcón de ferros traballados, e grandes lousas, sosteñidas por unha piña de pedras de preciosa la-

truciós). Dous ou tres divididos entre familias labregas teñen perdido a sua individualidade. Mais o estudo do pazo non é propio d'iste lugar. Damos por rematado iste traballo adicado ó noso Seminario d'Estudos Galegos, con mentes de estendelo a outras parroquias si Deus da tempo e axuda.

R. OTERO PEDRAYO

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A TOLA DE SOBRÁN, por F. PORTO REY, A Cruña, NÓS, 1927.

A Editorial NÓS, cuio labor é verdadeiramente formidábele, e a quen as letras galegas son deudoras d'un tremendo esforzo, botou ó mercado esta fermosa comedia, estrenada hai tempo pol-o cadre de declamación da Irmandade da Fala da Cruña. Deben-

mos a F. Porto Rey unha novela, que é mais ben un conto longo: *Fermosinda*, que ten un engado inxenuo e unha delicada beleza. *A tola de Sobrón* non val o que *Fermosinda*, mais non deixa emporiso de ser unha xeitosa comedia, dina de figurar antr'as boas do teatro galego.

S. N.

Imp. NÓS. Real 36-1.º A CRUÑA

A MELHOR DOS MÉTODOS

F. ROMAN e SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE

tado por a pequena espadana e a erguida fiesta da tribuna e a pedra d'armas. Nave

nas deixa sospitar un pouco da sua antiga

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Droguería e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todolos estabre-
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE



A hixiene nos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito desenrollo das criaturas e evita o perigo da escrúfula e o raquitismo.



**JABÓN
LA TOJA**
ÚNICO EN EL MUNDO



O Xabón da Toxa
ademas de ser o mellor é un
producto galego que nos
honra no mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ
FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as
Boticas, Drogueirías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagós-camas de
todol-os trés

Estas augas, de sona universal son o reme-
dio enxebre e eficacísemo

cand'un quer combater o
Artritismo, a Diabetes, Desnutrizón, Obesi-
dades diversas, doenzas do Aparello dixes-
tivo, Anemia e Neurastenia

**Riquisma auga de mesa
gaseada naturalmente**

MONDARIZ-BALNEARIO Áchase á 35 Km. de VIGO